

Uso de cookies

Nesta web **utilizamos cookies propias e de terceiros** para prestar os nosos servizos, contabilizar as visitas, mostrarlle publicidade relacionada coas súas preferencias e integramos con varias redes sociais. **Se continúa navegando, consideramos que acepta o seu uso.** Pode consultar a nosa [información detallada](#).

Acepto



[Manuel Bragado](#)

[Adeus Berrogüeto](#)



[X.A. Pérez-Lema](#)

[A filla casada do Rei](#)

- [Portada](#)
- [Opinión](#)
- [Política](#)
- [Economía](#)
- [Sociedade](#)
- [Comunicación](#)
- [Deportes](#)
- [Agro](#)
- [Tecno](#)
- [GC Aberto](#)
- [GC Tendencias](#)




[seguinte anterior](#) 7 de 10 en [Tecno](#)

Anunciados os finalistas dos Premios Eganet 2013

O programa Banda Ancha leva o galardón de honra, que recollerá nunha cerimonia a celebrar en Vigo.

Por [Galicia Confidencial](#) | Vigo | 29/01/2014



O xurado dos premios anuais que concede a Asociación de Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (Eganet) ven de resolver e facer públicos os finalistas da X Edición dos Premios Eganet 2013 de entre as 105 candidaturas presentadas.

O vindeiro venres día 31 de xaneiro de 2014 terá lugar o acto de entrega dos galardóns no Pazo de Congressos Mar de Vigo, nunha gala que comezará ás 12.30h da mañá, ao longo do cal coñeceremos aos gañadores nas cinco categorías a concurso.

No transcurso da Gala, entregaremos o Premio Especial Eganet que foi elixido en votación interna polos socios de Eganet, que recaeu este ano no programa Banda Ancha da Radio Galega dirixido por Xosé María Fernández Pazos. Programa de radio que cumpre cinco anos adicados á difusión das novas tecnoloxías e a sociedade de información en Galicia.

A listaxe definitiva de finalistas é a seguinte:

Categoría: Proxecto Colaborativo TIC

Murallas Dixitais, presentado por Astrágalo Studio, Academia Postal3 Vigo, G12 Grupo e CLICTIC
 Portal das Palabras, presentado por imaxin|software, Real Academia Galega (RAG), Fundación Barrié e CG Producións
 Integración CMS e ERP, presentado por Visual Publinet e Inteco Ingeniería
 Feirón, presentado por R, Softwhisper, A Navalla Suiza e Tuapli
 SmartNauTic - Navegador nautico en realidade aumentada, presentado por Human Soft
 Pictoaplicacións, presentado polo Grupo Promedia
 iPetro1 - Monitorización de Estacións de Servicio, presentada por Conexiona Telecom
 xeoPesa, presentado pola Asociación xeoPesca

Categoría: Comunicación Dixital

Campaña en Galicia do Sorteio de Oro de Cruz Roja, presentado por Nasas, Agencia Creativa de Marketing Online
 Open Day Entremetidos - La Atalaya Coruñaesa, presentado por Entremetidos
 O Castelo da Rocha Forte, presentado polo Concello de Santiago de Compostela
 Portal das Palabras, presentado por imaxin|software
 Felicítame.es, presentado por Contact Comunicación
 "Un puntazo" programa de fidelización e ecommerce, presentado por Disashop
 Xcloud Bookstore, presentado por Enxenio
 El Faro de los Tres Mundos, presentado por Visual Publinet

Os finalistas da categoría Proxecto Emprendedor TIC daranse a coñecer mañán unha vez rematado o proceso de votación popular na páxina en Facebook de Eganet.

Os gañadores de cada categoría daranse a coñecer no transcurso da Gala dos Premios que se celebrará o próximo venres, día 31 de xaneiro de 2014, no Pazo de Congresos Mar de Vigo, un acto que por segundo ano se celebra en conxunto coa Lacon Network 4th na que entre outras actividades teremos unha conferencia de Enrique Dans.

A Gala terá este ano dous presentadores moi vencellados ao mundo do emprendimento: Eloy Gesto de Escuela Inventa e Marisol Vázquez de Grupo Affines, ambos promotores do evento OpenYourMindSCQ.

A entrega dos Premios Eganet 2013 comezará ás 12:30h e a asistencia é gratuíta.

A TÚA [ACHEGA](#) FAI QUE GC POIDA PUBLICAR NOVAS COMA ESTA. SÓ DEPENDEMOS DE TI.

¿Gustouche esta nova?

Colabora para que sexan moitas mais enviando un SMS coa palabra GC ao 25511



Comenta

Se tes problemas ou suxestións escribe a webmaster@galiciaconfidencial.com indicando: sistema operativo, navegador (e versións). Agradecemos a túa colaboración.

Texto

¿Quieres deixar un comentario?

Nome

Imaxe

¿Que caracteres **alfanuméricos** hai na imaxe? **descarta espazos e signos**

Exemplo: para **C*8 Km@** introducir **c8km**.



¡Non entendo o texto!: [cambiar imaxe](#)

Enviar

Texto

Nome

Imaxe

¿Que caracteres **alfanuméricos** hai na imaxe? **descarta espazos e signos**


Exemplo: para **C*8 Km@** introducir **c8km**.



¡Non entendo o texto!: [cambiar imaxe](#)

Enviar

[Crear usuario](#) [Acceder](#)

Quen somos 



Buydeal e o resto de gañadores dos premios EGANET 2011

Últimas novas

- [Paco Vázquez segue sendo socialista](#)
- [Gas Natural Fenosa quiere revitalizar a súa presenza en Galicia](#)
- [Vence denuncia o pacto de silencio do PP e do PSOE para tapar a corrupción](#)
- [Dous quilómetros de mancha de gasoil na ría de Vigo](#)
- [Ameazado de peche o único centro de tratamento de residuos agrícolas de Galicia](#)
- [Na procura da gaivota perdida](#)

© GC 2014 | [Contacto](#) | [RSS](#) | [Legal](#) | [Política de cookies](#) | [O Proxecto](#) | [Sustentabilidade](#) | [Preguntas](#) | [Achegas](#) | [Publicidade](#) | [Autopromo](#) |
Co apoio de [dinahosting](#)

